

# MINISTERIO DE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

**5287** *REAL DECRETO 366/2004, do 5 de marzo, sobre ampliación dos medios adscritos á xestión encomendada en materia de agricultura (FEGA), traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1790/1996, do 19 de xullo. («BOE» 72, do 24-3-2004.)*

A Constitución española reserva ao Estado, no seu artigo 149.1.13.<sup>a</sup>, a competencia sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Por outra parte, o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 30.1.3) a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e gandaría, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado.

Mediante o Real decreto 1790/1996, do 19 de xullo, foron traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia os medios adscritos á xestión encomendada en materia de agricultura (FEGA).

Finalmente, o Real decreto 581/1982, do 26 de febreiro, establece as normas reguladoras da transferencia de servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e regula o funcionamento da Comisión Mixta de Transferencias.

Na súa virtude, e en cumprimento do disposto na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, por proposta da ministra de Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de marzo de 2004,

## DISPONGO:

### Artigo 1.

Apróbase o acordo da Comisión Mixta de Transferencias, prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, adoptado polo Pleno da dita comisión, na súa sesión do 18 de febreiro de 2004, sobre modificación e ampliación dos medios adscritos á xestión encomendada en materia de agricultura (FEGA), e que se transcribe como anexo deste real decreto.

### Artigo 2.

En consecuencia, quedan traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia os medios patrimoniais a que se refire o acordo que se inclúe como anexo deste real decreto, nos termos e condicións que alí se especifican.

### Artigo 3.

O traspaso a que se refire este real decreto terá efectividade a partir da data sinalada no acordo da Comisión Mixta, sen prexuízo de que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación produza, ata a entrada en vigor deste real decreto, se é o caso, os actos administrativos necesarios para o mantemento dos servizos no mesmo réxime e nivel de funcionamento que tivesen no momento da adopción do acordo.

Disposición derradeira única.

Este real decreto será publicado simultaneamente no «Boletín Oficial del Estado» e no «Diario Oficial de Galicia», e adquirirá vixencia o día seguinte ao da súa publicación.

Dado en Madrid o 5 de marzo de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Administracións Públicas,  
JULIA GARCÍA-VALDECASAS SALGADO

## ANEXO

Antonio Bueno Rodríguez e Pedro Puy Fraga, secretarios da Comisión Mixta prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia,

## CERTIFICAN

Que no Pleno da Comisión Mixta, que tivo lugar o día 18 de febreiro de 2004, adoptouse un acordo polo que se modifican e se amplían os medios adscritos á xestión encomendada en materia de agricultura (FEGA), traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1790/1996, do 19 de xullo, nos termos que a continuación se expresan:

### A) Referencia a normas constitucionais, estatutarias e legais en que se ampara a ampliación de medios.

O artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución establece que queda reservada ao Estado a competencia sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

O Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 30.1.3) a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e gandaría, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado.

Mediante o Real decreto 1790/1996, do 19 de xullo, foron traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia os medios adscritos á xestión encomendada en materia de agricultura (FEGA).

Finalmente, o Real decreto 581/1982, do 26 de febreiro, establece as normas reguladoras da transferencia de servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e regula o funcionamento da Comisión Mixta de Transferencias.

Sobre a base destas previsións constitucionais, estatutarias e normativas procédese a modificar e a ampliar os medios adscritos á xestión encomendada en materia de agricultura (FEGA), nos termos que a continuación se expresan.

### B) Medios patrimoniais que se modifican e amplían.

Substitúese a relación de unidades de almacenamento do FEGA, aprobada polo Real decreto 1790/1996, do 19 de xullo, de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos medios adscritos á xestión encomendada en materia de agricultura (FEGA), pola relación número 1, adxunta a este acordo, relativa ás unidades de almacenamento da rede non básica en Galicia a titularidade da cal se traspasa á Comunidade Autónoma de Galicia.

### C) Bens, dereitos e obrigas correspondentes á modificación e ampliación de medios.

O traspaso de medios patrimoniais formalizarase de acordo co establecido na disposición transitoria cuarta

do Estatuto de autonomía e demais disposicións aplicables neste caso.

A partir da efectividade deste traspaso, a Comunidade Autónoma subrógase nos dereitos e obrigas que, con posterioridade a ese momento, sexan inherentes á propiedade e titularidade dos medios traspasados.

**D) Documentación e expedientes dos medios que se modifican e amplían.**

A entrega da documentación e expedientes dos medios traspasados realizarase no prazo dun mes desde a data de efectividade deste acordo, suscribíndose para

tal efecto as correspondentes actas de entrega e recepción, de conformidade co establecido no artigo oitavo do Real decreto 581/1982, do 26 de febreiro.

**E) Data de efectividade da ampliación e modificación de medios.**

A modificación e ampliación de medios obxecto deste acordo terá efectividade a partir do día 1 de abril de 2004.

E para que conste, expedimos a presente certificación en Madrid, o 18 de febreiro de 2004.—Os secretarios da Comisión Mixta, Antonio Bueno Rodríguez e Pedro Puy Fraga.

**RELACIÓN NÚMERO 1**

**Unidades de almacenamento da rede non básica en Galicia cuxa titularidade se traspasa á Comunidade Autónoma de Galicia**

Provincia	Código	Localización	Capacidade TM	Extensión superficie en m <sup>2</sup>	Réxime de tenza
Lugo .....	27012	Guitiriz .....	7.000	4.000,00	Titularidade FEGA.
Ourense .....	32012	Celanova .....	720	6.530,00	Titularidade FEGA.
Pontevedra .....	36012	Portas .....	720	3.773,00	Titularidade FEGA.

**5288** *REAL DECRETO 367/2004, do 5 de marzo, sobre ampliación das funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación (escolas viaxeiras). («BOE» 72, do 24-3-2004.)*

A Constitución, no artigo 149.1.30.<sup>a</sup>, resérvalle ao Estado a competencia exclusiva sobre regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

Pola súa parte, o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 31 que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia plena para a regulación e administración da ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo co disposto no artigo 27 da Constitución e leis orgánicas que, conforme o punto 1 do seu artigo 81, o desenvolvan, e sen prexuízo das facultades que atribúe ao Estado o artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución, e da alta inspección do Estado para o seu cumprimento e garantía.

Polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, foron traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de educación.

Finalmente, o Real decreto 581/1982, do 26 de febreiro, establece as normas reguladoras da transferencia de servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e regula o funcionamento da Comisión Mixta de Transferencias.

Na súa virtude, e en cumprimento do disposto na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, por proposta da ministra de Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de marzo de 2004,

**DISPÓN O:**

**Artigo 1.**

Apróbase o acordo da Comisión Mixta de Transferencias, prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, adoptado polo Pleno da dita comisión na súa sesión do 18 de febreiro de 2004, polo que se amplían as funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, e que se transcribe como anexo deste real decreto.

**Artigo 2.**

En consecuencia, quedan traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos, así como os créditos orzamentarios a que se refire o acordo que se inclúe como anexo deste real decreto, nos termos e condicións que alí se especifican.

**Artigo 3.**

A ampliación de funcións e servizos a que se refire este real decreto terá efectividade a partir da data sinalada no acordo da Comisión Mixta, sen prexuízo de que o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte produza, ata a entrada en vigor deste real decreto, se é o caso, os actos administrativos necesarios para o mantemento dos servizos no mesmo réxime e nivel de funcionamento que tivesen no momento da adopción do acordo.

**Disposición derradeira única.**

Este real decreto será publicado simultaneamente no «Boletín Oficial del Estado» e no «Diario Oficial de Galicia», e adquirirá vixencia o día seguinte ao da súa publicación.

Dado en Madrid o 5 de marzo de 2004.

**JUAN CARLOS R.**

A ministra de Administracións Públicas,  
JULIA GARCÍA-VALDECASAS SALGADO